



150

**Aniversario
Valle-Inclán**

**CELEBRACIÓN
do 150°
ANIVERSARIO
do NACEMENTO
de VALLE-INCLÁN**



Programa de actividades

O 28 de outubro de 1866 viña ao mundo no concello pontevedrés de Vilanova de Arousa Ramón María del Valle-Inclán. Considerado un dos escritores principais da literatura do século XX, o dramaturgo, novelista, poeta, ensaísta e xornalista galego destacou en todos os xéneros que cultivou e foi artífice dunha profunda renovación do teatro e da novela.

En 2016 cúmprense 150 anos do nacemento deste escritor cosmopolita e universal, de escrita virtuosa, cualificado por Castelao como “o mellor artista que pariu Galicia”. Esta efeméride –que forma parte do Calendario do libro e da lectura 2016, canda outras datas sinaladas para a cultura como os centenarios das Irmandades da Fala e do premio Nobel Camilo José Cela– constitúe un marco singular e significativo para reforzar o coñecemento da creación valleinclaniana e favorecer o achegamento da cidadanía ao creador do esperpento.

Ao abeiro desta celebración, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade instar a Xunta de Galicia a impulsar e acompañar as principais iniciativas culturais que se realicen en 2016 para conmemorar esta efeméride, a través dunha programación cultural conxunta, “que poña de relevo a súa excepcional figura, obra e legado, e que trate de involucrar as principais institucións culturais galegas e entidades relacionadas con este autor, así como o conxunto da nosa sociedade”.

UNHA PROGRAMACIÓN COLECTIVA

A Consellería de Cultura, Educación e O.U. da Xunta de Galicia conmemora o 150º aniversario do escritor en colaboración con diversas entidades e organismos, no marco dunha celebración compartida:

Museo Valle-Inclán | Concello da Pobra do Caramiñal

Casa-Museo Valle-Inclán | Concello de Vilanova de Arousa

Asociación Amigos de Valle-Inclán

Fundación Valle-Inclán

Consello da Cultura Galega

Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) da Agadic

Centro Autonómico de Formación e Información (CAFI)

Deputación Provincial de Pontevedra

Universidade de Santiago de Compostela | Cátedra Valle-Inclán

INICIATIVAS DE DIFUSIÓN SOCIAL E DE DINAMIZACIÓN DOS ESPAZOS LITERARIOS DO ESCRITOR

1

Sinalización da ruta valleincliniana

Cos obxectivos de identificar os principais fitos biográficos do escritor nas áreas do Salnés e do Barbanza, así como de dinamizar o patrimonio histórico e favorecer o turismo cultural, as casas-museo Valle-Inclán en Galicia, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, promoverán a instalación de elementos visuais para indicar a presenza da ruta valleincliniana en lugares con vínculos familiares, biográficos e simbólicos co dramaturgo.

Viaxe ás orixes de Valle-Inclán. A ría de Arousa

A xeografía vital do dramaturgo, presente na súa obra, convértese en escenario e eixo central dunha parte importante das actividades do programa, como o roteiro que organiza o CAFI co apoio do Museo Valle-Inclán e da Asociación Amigos de Valle-Inclán.

Dividido en dúas xornadas, o roteiro no Barbanza terá lugar o 16 de abril, a cargo de Antonio González Millán, director do Museo Valle-Inclán. A actividade completárase o 7 de maio co roteiro no Salnés, guiado por Francisco Charlín, director de *Cuadrante. Revista de Estudios Valleinclinianos e Históricos*.

Xornadas de Homenaxe a Valle-Inclán

Convocadas de xeito ininterrompido nas dúas últimas décadas polas casas-museo Valle-Inclán de Galicia, estas xornadas ofrecen un completo programa de actividades de dinamización cultural, dirixidas a todos os grupos de idade e centradas na figura do ilustre dramaturgo, así como no ronsel de creacións literarias, plásticas, escénicas e musicais inspiradas na súa obra literaria.

Os actos, promovidos polos centros museísticos de Vilanova de Arousa e da Pobra do Caramiñal, coa colaboración das principais entidades vinculadas co escritor, desenvolveranse durante todo outubro, coincidindo co mes do nacemento do autor. Lecturas participativas, obradoiros, actividades escénicas e musicais, publicacións, un concurso infantil de caricaturas e diversos actos institucionais son as principais iniciativas que conforman o programa.

Lecturas públicas

Con motivo do centenario da súa publicación, as casas-museo Valle-Inclán organizarán unha lectura pública da obra *La lámpara maravillosa*. Alumnado, personalidades do ámbito da cultura, autoridades políticas, asociacións, colectivos e veciños e veciñas das dúas vilas literarias participarán na iniciativa *Cen voces para lembrar a Valle*.

Guía das casas-museo e das rutas valleinclanianas

Co fin de ofrecer unha visión conxunta e complementaria das casas-museo de Valle-Inclán en Galicia, dos seus obxectivos comúns, dos seus discursos expositivos complementarios e dos relevantes fondos patrimoniais que reúnen, editárase unha guía común para dar a coñecer os dous centros imprescindibles na memoria biográfica e literaria de don Ramón e das rutas valleinclanianas que promoven. En colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura.

Recursos tecnolóxicos

As casas-museo de Valle-Inclán, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, incorporarán novos recursos tecnolóxicos para enriquecer o percorrido polas súas instalacións e ampliar, deste xeito, a oferta de información que lles ofrecen aos visitantes, a través de ferramentas como audioguías e códigos QR con contidos trilingües en galego, castelán e inglés.

VALLE-INCLÁN A TRAVÉS DA PANTALLA

2

Cinefórum Valle-Inclán

Son varias as obras do escritor galego adaptadas ao cine en distintas épocas, a través de filmes dirixidos ou interpretados por recoñecidos artistas, como *Sonatas*, *Eulalia*, *Divinas palabras*, *Luces de bohemia*, *Cara de plata*, *Tirano banderas*, *La hija del capitán*, *Las galas del difunto*, *Los cuernos de don Friolera* e *Esperpentos*.

O Museo Valle-Inclán e a Casa-Museo Valle-Inclán organizan, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, este ciclo de cine a partir dunha escolma dos títulos filmados, que se celebrará nos meses de outubro e de novembro nos concellos da Pobra do Caramiñal e de Vilanova de Arousa.

Máis alá da adaptación: a irrupción do esperpento no cine español

A influencia do esperpento e do seu creador no cine español posterior á Guerra Civil centra o ciclo de proxeccións cinematográficas promovido polo Centro Galego de Artes da Imaxe da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), previsto para o segundo semestre do ano baixo o comisariado do profesor da Universidade de Santiago de Compostela José Luis Castro de Paz.

VALLE-INCLÁN NAS ARTES ESCÉNICAS

3

Ficción apaixonada a cargo de Quico Cadaval

O popular actor, director e narrador galego Quico Cadaval achegaralles ao público xuvenil e adulto diferentes facetas biográficas de Valle-Inclán nesta sesión de contacontos que terá como protagonista a oralidade, promovida polas casas-museo de Valle-Inclán, co apoio da Asociación Amigos do Museo Valle-Inclán.

Para divulgar aspectos da vida e da obra de don Ramón dun xeito lúdico e educativo, o espectáculo recreará algunhas das accións destacadas dos personaxes que habitan os seus textos e evocará temas centrais que aborda a súa obra.

A maleta do mestre

A figura de Valle-Inclán percorrerá a xeografía galega a través desta proposta escénica da Escola de Teatro Valle-Innova, da Fundación Valle-Inclán, que abrangue catro montaxes teatrais, para a súa representación entre xullo de 2016 e outubro de 2017.

A performance cómica *Estacións teatrais*, baseada na obra *La lámpara maravillosa*; o espectáculo de teatro de rúa *Que os leve o vento*, adaptación de *Visión estelar de un momento de guerra*; a montaxe teatral de corte clásico *A viaxe maravillosa*. *Valle estético*, baseada no teatro-danza e no teatro didáctico e simbólico, e *A ruta das verbas*. *O Salnés de Valle-Inclán*, un percorrido guiado dramatizado por lugares biográficos do autor nesta comarca, conforman esta iniciativa escénica.

Espectáculos valleincliniano de Títeres Cachirulo

A compañía Títeres Cachirulo achegaralle ao público a obra de Valle-Inclán a través de espectáculos de monicreques. Para o público infantil, de 5 a 12 anos, e familiar propoñen unha montaxe baseada na *Farsa infantil de la cabeza del dragón*. Para público xuvenil, a partir de 12 anos, e adulto interpretan un espectáculo baseado nas pezas teatrais *Farsa y licencia de la reina castiza*, *Farsa italiana de la enoramorada del rey* e *Los cuernos de don Friolera*. Esta actividade está promovida polas casas-museo Valle-Inclán en colaboración con outras entidades.

La media noche, polo Teatro de la Abadía

Teatro de La Abadía é o creador deste espectáculo, con música e imaxes, que pon na escena o director deste centro de estudos e de creación escénica de Madrid, José Luis Gómez. Trátase dunha montaxe promovida co apoio da Cátedra Valle-Inclán da USC baseado en *La media noche* (1917), unha obra na que Valle-Inclán recrea as súas impresións como testemuña que foi en Francia, como correspondente de prensa, da I Guerra Mundial.

Lecturas dramatizadas de Bradomín Teatro

Para promover o fomento da lectura da obra de Valle-Inclán e o achegamento ao escritor a través da súa obra, as casas-museo de Valle-Inclán de Vilanova de Arousa e da Pobra do Caramiñal organizarán lecturas dramatizadas de textos fundamentais da súa produción literaria, que se levarán a cabo en outubro.

A iniciativa conta coa colaboración de Bradomín Teatro e da Asociación de AA. de Casa e Usuarios da Pobra do Caramiñal.

ACTUACIONES MULTIARTÍSTICAS

4

Claves líricas de Valle-Inclán: *El pasajero*

Recital poético-musical a cargo da poeta Marta Pedrosa Agra, co acompañamento ao piano de Aleixandre Fontán e Francisco Alonso no contrabaixo. Intervén tamén a cantante Cristina Román, que interpreta varias pezas con textos orixinais do escritor, musicados por Fontán e Alonso.

A obra lírica do espectáculo, promovido polas casas-museo de Valle-Inclán, baséase nunha escolma de poemas dos libros *El pasajero*, *La pipa de kif* e *Aromas de leyenda*.

Música contemplativa: *Fue un convento*

Concerto de música contemplativa interpretado pola Capela Lauda Sion. *Fue un convento* é o título dunha crónica de Ramón del Valle Bermúdez na que retrata a destrución, contemporánea a don Ramón María, do antigo convento franciscano de santo Antonio do Xobre, na Pobra do Caramiñal. No papel de recuperación do patrimonio das casas-museo valleinclanianas, téñense rescatado varios cantoriais deste cenobio, dos séculos XVII e XVIII, e, a través deles, as partituras das músicas interpretadas.

De rodillas, en pie... o levantado en el aire

Teatralización dirixida por Roberto Leal destinada a maiores de 16 anos. Proponse unha viaxe polo universo valleinclaniano a través dunha escenificación. Un actor, unha actriz e un músico serán os encargados de guiar o público polo percorrido museístico das casas-museo de Valle-Inclán.

REFLEXIÓN E PENSAMIENTO

5

Xornadas sobre Ramón María del Valle-Inclán

A programación abrirana, o 26 e 27 de febreiro en Vilanova de Arousa e na Pobra do Caramiñal, respectivamente, estas xornadas con relatorios de Xaquín del Valle-Inclán, Francisco X. Charlín Pérez, Esperanza Mariño, Rosario Mascato, María Luisa Castro, Sandra Domínguez, Miguel Anxo Fernández, Carmen E. Vilchez e Margarita Santos para afondar en diversas facetas do escritor.

A estes relatorios súmanse, como actividades complementarias, as visitas guiadas á Casa-Museo Valle-Inclán, por parte de Rosa Brea en Vilanova de Arousa, e ao Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal, conducida neste caso por Antonio González Millán.

Organizadas polo Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) da Consellería de Cultura e Educación, contan coa colaboración do conxunto das principais entidades que participan na celebración dos 150 anos de Valle-Inclán.

O ESCRITOR NA REDE

6

Arquivo Dixital Grupo Valle-Inclán USC

Para favorecer o acceso ao legado do escritor e contribuír con novas ferramentas que faciliten o estudo da súa obra, en 2017 está previsto poñer en aberto na rede o Arquivo Dixital Grupo Valle-Inclán USC, que contén todo o fondo documental e bibliográfico do grupo, con 80.000 imaxes dixitalizadas.

O SABOR DAS LETRAS EN VALLE-INCLÁN

7

Delicatessen literarias

A programación explora novas vías de divulgación do ronsel valleinclaniano con propostas nas que tamén ten cabida a arte culinaria. Entre os meses de setembro a novembro está previsto levar a cabo esta iniciativa, coa que o Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal e a Asociación Amigos do Museo convidarán a adentrarse na creación do escritor a través dunha xornada de degustación de produtos e menús baseados nas alusións gastronómicas da obra poética, narrativa, teatral e xornalística do autor.

Convidarase a participar a hostalería para que os establecementos incorporen á súa carta a oferta dunha mostra da gastronomía valleinclaniana, no marco dunha campaña con folletos que incluírán citas literarias e obras de referencia nas que o autor alude a esta temática.

EDICIÓN CONMEMORATIVAS

8

Números especiais

O número 6 da colección da revista *Bradomín*, promovida pola Fundación Valle-Inclán e que sairá do prelo no mes de outubro, daralles voz a xoves estudiosos da obra do escritor, así como a profesores e profesoras de ensino secundario, coa publicación de diversos traballos de investigación e divulgación sobre diferentes aspectos da figura e da creación literaria do autor.

O *Anuario Valle-Inclán / ALEC* (Society of Spanish and Spanish American Studies), unha revista de carácter monográfico para a divulgación no ámbito do hispanismo das investigacións realizadas sobre a figura e a obra do escritor, editará este ano un número especial dedicado ao centenario da publicación da súa obra *La lámpara maravillosa*.

Ademais, a Asociación Amigos de Valle-Inclán editará un número de *Cuadrante. Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos* coas actas do Simposio internacional Valle-Inclán e L'Italia, celebrado na Academia de Belas Artes de Roma en novembro de 2015.

Bibliografía completada e actualizada

A Fundación Valle-Inclán tamén promoverá a publicación dunha obra na que Javier Serrano Alonso, profesor da Universidade de Compostela / Grupo de Investigación Valle-Inclán, reúne a bibliografía de Valle-Inclán completada e actualizada.

La magnolia de Valle-Inclán y el pazo de O Cuadrante

O doutor en bioloxía e catedrático de ciencias naturais da USC Carlos Rodríguez Dacal achégase nesta obra á figura de Valle-Inclán a través dun estudo botánico, cun protagonismo central da magnolia no xardín da Casa-Museo de Vilanova de Arousa.

A Deputación Provincial de Pontevedra promove esta publicación en colaboración coa Casa Museo de Valle-Inclán.

Textos inéditos

A través da Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán da USC, que ten como obxectivo servir de canle á divulgación universitaria da investigación en torno á figura e á obra do escritor, verán a luz en 2016 dous traballos inéditos. Por unha banda, *Cuaderno de Francia*, un diario autógrafo do escritor, en edición facsimilar, con estudo e edición anotada de Margarita Santos Zas, que contén notas da estadia do escritor na fronte de batalla durante a I Guerra Mundial. Por outra banda, en colaboración con Bénédicte Vauthier publicarase un dossier xenético de *La media noche*, con manuscrito, galeradas, texto de prensa e texto impreso. Tamén verá a luz a obra *Textos inéditos: Legado Valle-Inclán Alsina*.

A Cátedra Valle-Inclán complementará esta programación editorial coa realización dun proxecto que culminará en 2017 e que inclúe a publicación en varios volumes da *Obra completa* e das *Obras selectas* do escritor.

PROPOSTAS EXPOSITIVAS

9

Valle-Inclán: xenio e figura

A Cátedra Valle-Inclán da Universidade de Santiago de Compostela, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, recupera neste proxecto expositivo varias mostras. Dúas delas son *Valle-Inclán debuxado* e *Valle-Inclán: Obra ilustrada*, ambas realizadas con fondo da universidade compostelá. A primeira pon de relevo o deseño gráfico e a ilustración da obra de Valle-Inclán a través de paneis que amosan imaxes de preto de 140 edicións orixinais anteriores a 1936, mentres que a segunda é unha exposición de caricaturas do autor, que reúne máis de 240 imaxes tamén anteriores ao ano 1936.

A estas mostras súmase unha terceira, de carácter interactivo: *Outros verbos, novas lecturas: Valle Inclán traducido*, promovida polo Consello da Cultura Galega, que afonda nas múltiples traducións da súa obra en vida do autor. O proxecto expositivo da Cátedra Valle-Inclán irá acompañado dun catálogo conxunto e dun ciclo de conferencias que versarán sobre os temas de cada unha das súas seccións.

A Torre de Bermúdez a través do ilustrador Héitor Picallo

Exposición itinerante sobre a Torre de Bermúdez, sede do Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal, a partir dunha serie iconográfica de 40 láminas nas que o ilustrador Héitor Picallo recrea a sorte de ornamentos que caracterizan a arquitectura plateresca deste monumento, Ben de Interese Cultural de Galicia. O director do museo, Antonio González Millán, é o comisario da mostra.

OBRADOIROS INFANTÍS

10

Do que aconteceu no canellón do gato

Actividade deseñada para divulgar aspectos biográficos e literarios do escritor polas rúas das vilas valleinclanianas de Vilanova de Arousa e da Pobra do Caramiñal. O público familiar, con nenos e nenas a partir de 3 anos, terá ocasión de descubrir a figura de Valle-Inclán dun xeito lúdico e creativo, a través dun contacontos e dun obradoiro de debuxo.

As caras de Valle-Inclán

Destinado a grupos de nenos e nenas a partir dos 6 anos e ata os 15 anos, este obradoiro parte da popularidade da imaxe do escritor e dos modelos que ofrecen os retratos e caricaturas de autores como Bagaría, Castelao e Álvaro Cebreiro. Na actividade, os participantes terán ocasión de deseñar a súa propia creación, executando un gravado de relevo estampado en láminas de liñopapel.

INICIATIVAS NO ÁMBITO EDUCATIVO

11

I Premio Fundación Valle-Inclán de relato curto

Cos obxectivos de fomentar a creación literaria entre os escolares e de difundir a vida e a obra do escritor, a Fundación Valle-Inclán promove este certame dirixido ao alumnado de educación secundaria dos municipios valleinclanianos. Os autores ou autoras galardoados recibirán cadanseu diploma, xunto cun lote de libros. Ademais, a Escola de Teatro Valle-Innova levará a escena unha adaptación da obra gañadora co primeiro premio.

Valle-Inclán, vida e obra

No ámbito educativo, Valle-Inclán será tamén protagonista nos centros de ensino. No instituto pontevedrés que leva o seu nome está prevista unha exposición sobre a vida e obra do escritor, a partir de imaxes e textos realizados por alumnos e alumnas do centro, baixo a coordinación do profesorado. Noticias en prensa e reproducións de documentais completan esta iniciativa que se poderá ver no IES Valle-Inclán de Pontevedra desde abril ata xuño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Gabinete de Comunicación
Consellería de Cultura, Educación e O.U.
prensa.cultura.educacion@xunta.es
Tlef. 981 957 350 / 981 544 490

galicia

www.cultura.gal



150
Aniversario
Valle-Inclán



**XUNTA
DE GALICIA**